

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE VIGO

ANUNCIO da oferta de emprego público de 2024.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo de aprobación da oferta de emprego público de 2024 (expediente 43395-220):

Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2024, de conformidade cos informes emitidos no expediente electrónico nº 43395/220 e no informe de fiscalización previa e preceptiva, que estará integrada polas seguintes prazas, segundo o informe técnico do 11.12.2024:+

Quenda libre:

Rel. xurídica	Praza	Nº de prazas
Funcionario	Policía	13
Funcionario	Bombeiros/as	6
Funcionario	Condutores bombeiros	2
Funcionario	Diplomado/a en traballo social	2
Funcionario	Administrativos/as de administración xeral	2
Funcionario	Auxiliares administrativos/as de administración xeral	2
Funcionario	Psicólogo/a	1
Funcionario	Técnico/a de administración xeral	3
Funcionario	Enxeñeiro/a superior	1
Funcionario	Enxeñeiro/a de camiños	1
Funcionario	Enxeñeiro/a industrial	1
Funcionario	Monitor/a de educación física	1
Laboral	Oficial fontaneiro	1
Laboral	Oficial sepultureiro	1
Laboral	Oficial almaceneiro	1
Laboral	Axudante de oficios	1
Nº total de prazas		39

Quenda de promoción interna:

Rel. xurídica	Praza	Nº de prazas
Funcionario	Cabo de extinción de incendios	3
Funcionario	Inspector/a (Policía local)	2
Funcionario	Intendente (Policía local)	1



Rel. xurídica	Praza	Nº de prazas
Funcionario	Oficial (Policía local)	2
Funcionario	Administrativos/as de administración xeral	5
Funcionario	Auxiliares administrativos/as de administración xeral	2
Laboral	Oficial de mantemento IMD	1
Laboral	Oficial de instalacións	2
	Nº total de prazas	19

Segundo. Acumular as prazas vacantes da quenda de diversidade que foron declaradas desertas tras a última execución da oferta de emprego público (OEP 2017-2018-2019) e para os efectos de que se proceda a realizar unha nova convocatoria, referida ás seguintes dotacións:

Réxime funcionario	Diplomado/a en traballo social	Quenda libre diversidade funcional	1
Réxime funcionario	Subalterno/a	Quenda libre diversidade intelectual	1
Réxime laboral	Oficial de mantemento	Quenda libre diversidade funcional	1
Réxime laboral	Axudante de oficios	Quenda libre diversidade intelectual	1

Terceiro. Dispoñer a publicación do presente acordo nos diarios e boletíns oficiais que corresponda consonte a normativa vixente, publicándoo igualmente no portal de transparencia do Concello de Vigo para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses tamén contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, nos termos e nas condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 28 de xaneiro de 2025

O alcalde
P.D. (Resolución Alcaldía do 28.6.2024)
María Olga Alonso Suárez
Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación,
Recursos Humanos e Formación
P.D. (Acordo do 28.6.2024)
Patricia Rodríguez Calviño
Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

